



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

Lugar: Casa do Concello

Data: 13 de novembro de 2013

Hora de comezo: 13.30 h

Hora de remate: 16.30 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Antonio González Barral
Dona María Dolores García Couto
Dona Sonia Rodríguez Midón
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga
Dona Adela Redondo Rendo
Don Jesús Neira Varela
Don Xabier Canabal Fernández
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da Casa do Concello presidindo o Alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Modificación da RPT**
- 3. Informe morosidade (3º trimestre)**
- 4. Modificación da ordenanza de axuda a domicilio**
- 5. Rexeitamento do recurso de reposición presentado por Raviña e outros**
- 6. Aprobación POS 2014**
- 7. Modificación presupostaria 2013**
- 8. Aprobación do límite de gasto 2014**
- 9. Aprobación presuposto 2014**

10. Adopción fillo adoptivo

11. Mocións núm. 13/2112 do PP; núm. 13/2155 e 13/2156 de ANOVA; núm. 13/2158 e 13/2159 do PS de G

12. Información da Alcaldía

13. Rogos e Preguntas.

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

En canto á acta da sesión que tivo lugar o 11 de setembro de 2013 o señor Canabal di que quere facer dúas aclaracións, aínda que a segunda ao ser no referido a unha pregunta de Barcala, se el tamén a advertiu, como cree que si, deixa que a matice el. As aclaracións teñen que ver:

- Na primeira pregunta que fixen sobre o PXOM, fixen referencia ás aldeas que por CUPO das NNSS teñen as licenzas esgotadas. Este precepto desapareceu na redacción da nova LOUGA, polo que o seu mantemento pode ser máis que polémico. Ao fin de que se estudara este extremo, fixen unha petición ao alcalde para que pedira un informe xurídico sobre este aspecto, ao fin de non ter bloqueado os núcleos ata que se aprobe o PXOM. O Sr. Alcalde dixo que o ía solicitar a ver se era posible, e non aparece recollido na acta.
- A segunda cuestión é nas preguntas sobre o combustible que fixo o Sr. Barcala. O Alcalde fixo referencia a un roubo de combustible e asemade dixo que tampouco presentara denuncia na Garda Civil, extremo que tampouco aparece na acta.

O señor Barcala Mosquera di que cando preguntou polo consumo do gasóleo, preguntou tamén pola capacidade dos depósitos e si se dera parte á garda civil polo roubo do gasóleo e que a resposta do señor Alcalde foi que non o sabía no primeiro caso e que non, no segundo.

A señora García Fraga alega que cando di que a ela venlle mellor os plenos ás 13.30, tan só o dixo a modo de exemplo e non por motivos exclusivamente persoais

2. Modificación da RPT

A presente proposta de modificación da relación de postos de traballo deriva da necesidade de adaptar a dotación orzamentaria dos postos de traballo do departamento de deportes aos recursos municipais por un lado e aos medios persoais necesarios para a prestación dos servizos por outro.

Como xa se indicaba na sesión plenaria celebrada o 21 de decembro de 2012, con motivo da redución da xornada laboral do auxiliar de deportes, desde o ano 2011 estase a producir un considerable descenso do número de usuarios das actividades deportivas que imparte o concello de Boqueixón, salvo durante os meses de xullo e agosto nos que está en funcionamento a piscina municipal.

Por este motivo o concello por un lado tivo que reducir o número de actividades deportivas que viña programando e por outro tivo que agrupar as actividades que contan cun número de usuarios moi escaso e se viñan executando en diferentes parroquias. Concretamente as actividades que se impartían na Granxa agréganse ás de o Forte e as que se impartían en Lamas, previo compromiso de asistencia das usuarias, en lugar de pasar a realizar a actividade en Sergude, como se lles ofrecera nun primeiro momento, dado que non teñen un grupo mínimo, pediron e así se lles concedeu, levar a cabo a devandita actividade na propia parroquia, pero en lugar de ser dous días, pasa a ser un. Por outro lado, hai unha serie de actividades como “Pilates” e patinaxe que cando se demandan e o número de persoas o fai viable, o concello debía contratar os monitores a unha empresa porque o persoal de que dispón o concello non están capacitados para impartilas, tal como eles mesmos alegan. Deste xeito, así sucedeu durante estes dous últimos anos, polo que o concello debía aboar a impartición de ditas actividades a unha empresa.

Consecuentemente, reduciuse considerablemente a carga laboral no departamento o cal, xunto coa correspondente redución dos ingresos tanto por actividades deportivas como pola actual crise económica que afecta especialmente á administración, fai innecesario e sobre todo inviable economicamente o actual cadro de persoal existente no departamento de deportes neste momento, formado por un monitor deportivo (laboral fixo) e un auxiliar de deportes (laboral temporal). E isto a pesares de que o concello aprobou a correspondente taxa pola actividade de ximnasia de rehabilitación para maiores, que era gratuíta e mesmo incrementou outros prezos doutras actividades deportivas. E aínda con todo isto, neste momento a gran diminución dos ingresos en relación cos gastos resulta insoportable para as arcas municipais xerándose un importante desequilibrio orzamentario que debe ser corrixido reducindo o capítulo primeiro, precisamente porque é neste capítulo onde está o orixe do desequilibrio e porque nos demais capítulos xa non é posible levar a cabo máis reducións e porque, ademais, existe un límite de gasto imposto pola lei 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira que o concello non debe superar.

Cabe sinalar que dados os desaxustes orzamentarios neste capítulo, tomáronse varias medidas. Unha delas vense de poñer a andar, a modo de convenio coa escola de fútbol de Boqueixón, mediante o cal, esta escola será a encargada de levar a cabo as actividades deportivas coa colaboración do concello. Xa que, decidiuse non continuar co negociado que se tiña coa empresa encargada de impartir as actividades deportivas polos elevados custos da mesma.

Dado que é insostible a situación actual, mesmo cando, o desempeño da actividade profesional e actitude para o traballo do auxiliar de deportes é nula. Si ben, por parte do monitor deportivo é evidente a boa actitude para co traballo. O mesmo ocorre co persoal encargado de abrir e pechar as instalacións deportivas municipais e mesmo do seu mantemento, aos que, tampouco se lles pode pedir máis. Por outra parte, ben é certo, que o auxiliar de deportes levaba 8 meses de baixa por accidente laboral e nestes momentos está a gozar das súas vacacións. Pero nos poucos días que estivo no seu posto de traballo, logo da alta e antes das vacacións, a súa actitude foi, si cabe, retardora e incluso algo faltona de cara aos seus compañeiros e mesmo de cara aos usuarios do ximnasio: enorgullecéndose do ben que estivera sen facer nada ao longo destes oito meses de baixa, non descartando volver a coller baixa, evitando atender ao teléfono do ximnasio co pretexto de non entender o terminal e aínda máis, non facilitándolle as

fichas de inscricións para as actividades aos usuarios coa simple desculpa de non saber onde estaban e sen facer o intento de buscalas. Si ben, ditas actitudes non son novas neste traballador, non deixan de ser una falta de respecto e incluso poden considerarse como un insulto cara o case 25% de parados que ten este país e aínda máis de preto, cara os seus compañeiros e cara a situación actual do concello de Boqueixón. Deste xeito, e considerando que no departamento de deportes, unha reorganización de persoal da maneira que se propón levar a cabo, apenas afectaría aos veciños de Boqueixón e aos servizos que dende o concello lles ofertamos, procédese a reorganizar dito departamento co fin de adaptalo ás actividades que se imparten, aos ingresos municipais existentes e aos gastos que o concello pode efectuar .

Ao longo dos primeiros meses deste ano 2013, o número de usuarios das actividades deportivas continuou diminuíndo considerablemente ata os meses de xullo e agosto nos que estivo en funcionamento a piscina municipal e durante os cales, como se ven facendo todos os anos, é necesario contratar un socorrista subvencionado pola deputación provincial da Coruña.

Partindo dos datos reais derivados da liquidación do exercicio orzamentario do ano 2012, comprobamos que o recadado por actividades deportivas ascende a 18.387,12 €, mentres que os custos derivados unicamente do mantemento do persoal ascenden a 50.395,87 €, aos que se deben engadir os custos de mantemento das instalacións e os da empresa encargada de impartir as actividades deportivas que non se executan polo persoal municipal, que a esta data ascenden a 19.951,59 € .

TOTAL gastos 70.347,46 €.

Por outro lado, entre os ingresos que habitualmente percibe o concello por medio de subvencións da Deputación provincial da Coruña para colaborar nos custos do funcionamento do departamento de deportes, están os seguintes:

Monitor deportivo	7.000,00 €/ano
Socorrista	2.400,00 €/ meses xullo e agosto.
Escolas deportivas	4.700,00 €/ano
Estruturación departamento deportes	4.900,00 € /ano
Total:	19.000,00

TOTAL ingresos 37.387,12 €.

Polo que a previsión total de ingresos é claramente insuficiente para facer fronte ao gasto total que supón o mantemento do departamento de deportes, e a xeración de recursos non depende tanto de que o concello incremente (ou non) os prezos polas actividades, se non da existencia de usuarios. Polo tanto, se non hai usuarios non hai ingresos e tampouco se necesita persoal para impartir actividades que non se demandan, polo que é suficiente o persoal laboral fixo municipal.

Con todo isto e tendo en conta que tanto a creación coma a supresión de posto de traballo é unha manifestación da potestade de autoorganización amparada no artigo 4.1 a) da lei de bases de réxime local, e tendo en conta, así mesmo, que o posto de auxiliar de deportes consta tanto na RPT coma no cadro de persoal e que o posto de técnico auxiliar de deportes consta unicamente na RPT, proponse ó Pleno a modificación da RPT.

Comunícase, así mesmo, que con data do 30-10-2013, tivo lugar a mesa xeral de negociación, na que participaron ademais do traballador auxiliar de deportes, a Concelleira de Educación, Cultura e Deportes e os representantes dos sindicatos de CC.OO, CSIF e UGT.

Posteriormente, e unha vez xa convocada esta sesión plenaria, recíbese no concello con data do 12-11-2013, rexistro de entrada núm. 152 e 153, os escritos presentados por don J. P. F. (auxiliar de deportes) nos cales fai alegacións á acta da mesa de contratación no primeiro e unha proposta sobre diferentes aspectos da praza para evitar a súa supresión no segundo, que se une a esta acta como ANEXO I.

Así mesmo, constan escritos recibidos polos representantes sindicais, con data 13 de novembro de 2013, rexistro núm. 2199, referidos á alegación do señor P. e nos que se rexeitan algunhas alegacións e aceptan outros feitos á acta do 30-10-2013, que se unen a esta acta como ANEXOS II.

Por outro lado, á vista das alegacións do señor Patiño, a Concelleira de Educación, Cultura e Deportes di o seguinte:

“Con relación as alegacións presentadas polo traballador D. J. P. F con ocasión da mesa de negociación realizada o pasado día 30 de outubro sobre as modificacións da RPT para a supresión do posto de auxiliar de deportes o de técnico de deportes comentar o seguinte:

En canto á alegación núm. 1 non é verdade o que se expón. Os representantes sindicais mostraron a súa disconformidade no momento en que cada un deles fixo uso da palabra, non sendo certo que inmediatamente despois da miña intervención, un a un manifestara o seu desacordo. É máis, segundo se vai lendo a acta vese claramente que os distintos representantes, no momento no que fixeron a súa intervención, se opoñían a supresión de prazas.

En canto á alegación núm. 2, é rotundamente falsa. En ningún momento eu fixen tal declaración, polo tanto no pode figurar dita “manifestación” na acta. Nunca dixen ou pronunciei ditas palabras, é máis, estas afirmacións por parte do traballador parécenme moi graves.

En canto á alegación núm. 3, non recordo que fora exactamente así. Tampouco recordo que o representante de CC OO, Juan González, lle fixera esta pregunta tan específica. Por outra parte, as súas funcións deixounas claras, e así se reflicte na acta cando expresamente lle solicita ó secretario da mesa que recolla a súa intervención, despois de que o representante do CSIF lle solicitara a súa opinión.

En canto á alegación núm. 4, non é correcto o que se di. En primeiro lugar, na acta recóllese claramente que o traballador dixo que se puxera en contacto con Amalia de CCOO e falouse de que o representante do CSIF tamén falara co traballador nunha das reunións.

En canto á alegación núm. 5, totalmente en desacordo. En ningún momento escoitei tal manifestación por parte do traballador.

En canto á alegación núm. 6, non sei con exactitude e tan ben como recorda o traballador o que se dixo nesa intervención. O que sí me consta e que o traballador dixo que a media xornada lle repercutiría na indemnización á hora de que o despediran. Pero tamén comentou que isto xa non era o que máis lle importaba.

Non tendo nada máis que comentar ó respecto, asino este escrito o día 13 de novembro de 2013”.

A continuación o señor Canabal di que despois das explicacións da Sra. Concelleira delegada de deportes, remítese ao dito no pleno do 21/12/2012 cando se modificou a xornada laboral do auxiliar de deportes. Manifestáronme naquel pleno, (segue dicindo), que non tiña idea do que falaba e que tiña que coñecer o tema. Cónstalle á Sra. Concelleira que me puxen á súa disposición, e que aínda que non quero traer a este pleno conversas que se mantiveron nun plano persoal, poderá corroborar a Concelleira que todo o que me expuxo na conversa foi a problemática persoal deste traballador, ao igual que o fixo ao inicio do debate deste punto.

É por iso polo que non me vale unha redución da RPT, coa xustificación de que o traballador é malo. Empreguen argumentos, non inclinacións por se o traballador é bo ou malo. Non se pode xustificar a eliminación dun posto de traballo en base ás actitudes e aptitudes dun traballador. Non se pode “cepillar” a RPT en base á “actitude retardadora, faltona de cara os seus compañeiros, enorgullecedora de estar sen facer nada...” todos termos do informe realizado pola concelleira que máis ben parece o guión dun programa de “Telelixo”.

Sexamos serios. Cales son os argumentos?. Inviabilidade económica? Pois ben, fracaso do equipo de goberno.

Por outra parte, non pode facerse un informe en base a premisas falsas, ou a medias verdades. Porque segundo imos lendo no expediente contradínse e perden as razóns.

- Non é certo que o concello ingrese menos por falta de usuarios. Recoñéceno vostedes nos apartados económicos do expediente cando din que “o Concello de Boqueixón aprobou a correspondente taxa pola actividade de ximnasia de rehabilitación para maiores ou mesmo incrementou outros prezos doutras actividades deportivas”. Taxas e prezos que hai un par de anos non se cobraban, polo tanto agora ingresan algo e antes nada.

- Existe desequilibrio económico: Certo. Pero tamén existe no servizo de secretaría. Tamén o van eliminar? E no de tesourería? E no do lixo? E no de Cultura? E tamén existe desequilibrio económico na celebración de plenos? Van eliminar todo isto?

Conclusión:

Temos dous traballadores dedicados ao departamento de deportes. Con independencia de quen sexan estes traballadores e das súas actitudes e aptitudes hai que preguntarse; son necesarios?

Coido que a resposta debe ser si. Un concello con pistas polideportivas en todas as parroquias, dous pavillóns deportivos, un ximnasio, varios campos de fútbol municipais,

piscina municipal... e unha programación deportiva mínima ten que ter na súa estrutura varios traballadores e non só un.

En fin, queda claro unha vez lido este expediente, que vostedes se “cepillan” un posto de traballo da RPT por discrepancias cun traballador. Que será o seguinte? Eliminar aos concelleiros díscolos? Eliminar á Asistentia Social porque ten poucos usuarios? Eliminar á secretaria se lle fai informes negativos?...

A señora García Fraga di que en ningún momento se pretendía despedir, pero o traballo que desempeña o auxiliar pode facelo o monitor deportivo, e por outro lado (segue dicindo) este cambio non repercute na atención ós veciños posto que continuaranse prestando os mesmos servizos.

O señor Canabal di que parece ser que se despide ó traballador por ser malo, así parece deducirse do manifestado na memoria e mesmo trasladan ós compañeiros esas manifestacións.

A señora García Fraga di que para poñer iso pediu permiso ás persoas implicadas e autorizáronme porque iso foi o que sucedeu. Segue dicindo que non van a deixarse de prestar as actividades; que para isto se colleu unha empresa: para prestar as actividades específicas para as que o persoal municipal non está capacitado por tratarse de determinadas actividades especializadas.

O señor Canabal di que a modificación debe ser por argumentos económicos.

O señor Barcala di que este tema debe ser algo de tipo persoal. O que habería que facer é abrir un expediente se o traballador non cumpre. E si se demostra que non cumpre, despedilo.

O señor Canabal di que a cuestión para despedir debe ser a económica e que se aprobaron taxas e se incrementaron outras, polo que nestes intres algúns ingresos si que hai.

A señora García Fraga di que efectivamente si se debería ter feito un expediente disciplinario.

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra dos representantes de ANOVA e do PSOE, acórdase:

1. Modificar a relación de postos de traballo e o cadro de persoal no senso de suprimir o seguinte posto de traballo:

PRAZA	RÉXIME
AUXILIAR DE DEPORTES	LABORAL

2. Modificar a relación de postos de traballo no senso de suprimir o seguinte posto:

PRAZA	RÉXIME
TÉCNICO AUXILIAR DE DEPORTES	LABORAL

3.- Publicar o acordo no BOP co fin de que os interesados poidan presentar os recursos que consideren oportunos.

3. Informe morosidade (3º trimestre)

Dáse conta do seguinte informe de morosidade correspondente ó terceiro trimestre 2013:

A) Detalle de pagos realizados e pendentes de pago pola entidade.

Pagos realizados en el trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período mediopago excedido (PMPE) (días)	Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fóra período legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes y Servicios	26,3134	0	372	324.925,01	0	0,00
Aplicados a Presupuesto (Cap. 2) por artigos	26,3134	0	372	324.925,01	0	0,00
20.- Arrendamentos e Canons	25		1	3.921,36		
21.- Reparación Mantemento e Conservación	25		87	157.593,95		
22.- Material Subministro e Outros	28		266	142.247,55		
23.- Indemnización por razón del servicio	25		18	21.162,15		
24.- Gasto de publicacións						
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro						
27.- Gastos imprevistos y funciones no clasificadas						
2.- Sen desagregar						
Pendientes de aplicar ao Presupuesto						
Inversións reais	30	0	6	244.873,95	0	0,00

Aplicados a Presupuesto (Capítulo 6)	30		6	244.873,95		
Pendientes de aplicar a Presupuesto						
Outros pagos realizados por operaciones comerciales	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presupuesto						
Pendientes de aplicar a Presupuesto						
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presupuesto						
Pendientes de aplicar a Presupuesto						
TOTAL pagos realizados en el trimestre	27,8977	0	378	596.798,96	0	0,00

Intereses de demora pagados en el trimestre	Intereses de demora pagados en el período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Corrientes en Bens e Servicios		
Inversiones reais		
Outros pagos realizados por operaciones comerciales		
Sen desagregar		
Total	0	0,00

Facturas o documentos xustificativos pendientes de pago al final del trimestre	Período medio del pendiente de pago (PMPP) (días)	Período medio del pendiente de pago excedido(PMPPE) (días)	Pendientes de pago a final del trimestre			
			Dentro período legal pago a final del trimestre		Fora período legal pago a final del trimestre	
			Número de operaciones	Importe total	Número de operaciones	Importe total
Gasto en Bens Corrientes y Servicios	0	0	0	0,00	0	0,00
20.- Arrendamientos y Canons						

21.- Reparación Mantemento y Conservación						
22.- Material Subministro y Outros						
23.- Indemnización por razón do servizo						
24.- Gasto de publicacións						
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro						
27.- Gastos imprevistos e funciones no clasificadas						
2.- Sen desagregar						
Inversións reais						
Outros pagos realizados por operacións comerciais						
Sen desagregar						
TOTAL operacións pendentes de pago a final de trimestre	0	0	0	0,00	0	0,00

Facturas o docum. Xustificativos al final del trimestre con más de tres meses de su anotación en rexistro de facturas, pendentes del recoñecemento da obriga (Art.5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR)	Pendentes de recoñecemento obrigas	
		Número	Importe total
Gastos Correntes en Bens e Servizos			
Inversións reais			
Sen desagregar			
Total	0	0	0,00

B) Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.

I.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais..
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

II.- CONSIDERACIÓNS

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que:

Entre el 1 de enero de 2013 y el 31 de diciembre de 2013, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xullo e 30 de setembro de 2013 obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no trimestre:

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	378	0
Importe total	569.798,96	0,00

Que respecto da información relativa ao número e importe de obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo de pago legalmente establecido resúmese nos cadros seguintes:

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre. (art. 4º.3 Lei 15/2010)

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	0	0
Importe total	0	0

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreran máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (art. 5º.4 Lei 15/2010):

Número de operacións: 0

Importe total: 0

A relación das facturas ou documentos xustificativos que ao final do trimestre indicado atópanse nesta situación, acompáñase como anexo a este informe.

III.- CONCLUSIÓN

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.
- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

Boqueixón, 25 de outubro de 2013

O administrativo -tesoureiro

Interventora

O señor Canabal di que se dan por informados. Simplemente dicir en relación a estes puntos, que é frecuente ver no libro de rexistros do concello empresas que reclaman débedas subscritas a máis prazo cos 50 días, sobre todo no que ten que ver cos consumos enerxéticos. Comprobarei os datos e preguntarei cando o teña comprobado.

A Secretaria-Interventora respóndelle que se trata de facturas de consumos enerxéticos que en ocasións son erróneas e procédese coa devolución para a súa corrección. E neste caso, en que se devolven as facturas porque non reúnen os requisitos legais esixibles, obviamente o prazo para o seu pago nos 30 días queda en suspenso e polo tanto non hai morosidade.

Segue dicindo a Secretaria-Interventora que non ten coñecemento doutras facturas nas que se incumpran os prazos.

4. Modificación da ordenanza de axuda a domicilio

No pleno celebrado o 10 de xullo de 2013 aprobáronse a Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar e a Ordenanza fiscal do servizo de axuda no fogar, para os efectos de adaptar a normativa municipal existente na materia ao Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e o seu financiamento.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que é necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

Á vista do cal proponse ó Pleno a súa modificación.

O señor Canabal di o seguinte: “Cómpreme neste punto facer referencia ao xa manifestado no pleno do 10 de xullo cando se modificou a ordenanza fiscal do servizo

de axuda no fogar. Dicia entón que a proposta de modificación da ordenanza era unha animalada.

Deste xeito aproveitaron un cambio de ordenanza para convertela en máis inxusta, onde conta o custo efectivo do servizo por riba da capacidade económica. É dicir, canto maior sexa o grao de dependencia, canto maior sexan as necesidades, maior porcentaxe de pago. Claramente regresiva en termos fiscais, e polo tanto inconstitucional.

Mais a vostedes, é dicir, todo ese entramado político empresarial que representan, a constitución impórtalles “un carallo”. Úsana unicamente como sacrosanto grial cando lles convén, máis mexan por riba dela cada vez que por ideoloxía (como neste caso) dismantelan os dereitos sociais da maioría social, cando dismantelan un por un os piares do Estado de Benestar (ou medioestar), como a sanidade (cos repagamentos e co peche de unidades), coa educación (dismantelando todo o sistema público), os servizos sociais...

Son un auténtico comando de exterminio da maioría social deste país.

Deste xeito un dependente ingresando entre 600 e 800 euros mensuais, pode pagar unha taxa de axuda a domicilio entre 133 € e 200 €. Explíquenllo vostedes cando segundo as enquisas, a metade dos pensionistas en Galicia viven con apenas 500 € ao mes, ou cando, segundo o observatorio Social das Persoas maiores de 2013 elaborado por Comisións Obreiras, di que o 20% dos 740.000 pensionistas galegos están xa en risco de pobreza.

Agora péganlle vostedes outra volta máis á ordenanza porque lle quedaba mesmamente escasa; e fano disque en virtude do Decreto 149/2013 do 5 de setembro que lle dá nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decretazo 99/2012, do 16 de marzo. E para que o fan? Para mellorar os servizos? Mesmamente non, senón para “foder” aínda máis aos dependentes.

- Pasan a cobrarlle aos dependentes o 40% con independencia da súa atención ou non, disque en concepto de reserva de praza.
- Modifican as táboas do copagamento, non distinguindo entre os niveis dos distintos graos.
- Trocan o límite da taxa, do 65% como máximo ao prezo por hora, ao 90%.
- Dispoñen un panel de servizos que incluso pagarán aqueles dependentes con rendas máis baixos (pasan a pagar algúns servizos incluso os que estén no limiar do IPREM).

En fin, o servizo de axuda a domicilio estase a converter máis ben nun luxo para as persoas ca nun dereito efectivo que estes deben ter.

Unha forma máis de exercer a violencia de Estado. Cousas como estas, que son indignantes, son as que me fai chegar que vostedes son un comando de exterminio”.

O señor Barcala di que a modificación é excesiva para as clases máis desfavorecidas.

O señor Canabal di que se está baleirando de competencias ós concellos con vista ó futuro das Administracións locais.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra de ANOVA e PSOE acórdase:

A) ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1. Modifícanse os **puntos 1 e 2 do artigo 4**, que quedan redactados da seguinte forma:

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- A. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
 - I. Asistencia para levantarse e deitarse.
 - II. Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
 - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos/as.
 - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
 - VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
 - VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.
- B. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:
 - I. Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
 - II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
- C. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
 - I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
 - II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
 - III. Preparación dos alimentos.
 - IV. Lavado e coidado das prendas de vestir, así como do enxoval doméstico.
 - V. Apoio á unidade familiar.
 - VI. Coidados e mantemento básico da vivenda

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

- D. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outras, as seguintes actuacións e servizos:

- A. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- B. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

- C. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- D. Adaptacións funcionais do fogar.
- E. Servizo de podoloxía.
- F. Servizo de fisioterapia.

2. Modifícase o punto 1 do artigo 9, que queda redactado da seguinte forma:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

As ausencias mensuais por causas imputables á persoa usuaria, nos servizos con dereito a reserva de praza mensual que sexan superiores aos dez días, agás o suposto previsto no artigo 27 da Orde do 2 de xaneiro de 2012, deivindicarán un 40% do importe correspondente á participación no seu financiamento en concepto de reserva de praza.

3. Modifícase o punto 2 do artigo 11, que queda redactado da seguinte forma:

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico de Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

4. Modifícase o último parágrafo do artigo 14, que queda redactado da seguinte forma:

Establécese un horario de 7 a 22:00 horas:

- a) Todos os días do ano para persoas con PIA de axuda no fogar.
- b) De luns a venres excepto festivos, para persoas usuarias que accedan ao servizo por libre concorrencia. Con carácter excepcional, e segundo a prescrición técnica do/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios, o servizo poderá prestarse en días diferentes aos mencionados.

5. Modifícase o punto 1 do artigo 15, que queda redactado da seguinte forma:

1. A capacidade económica das persoas dependentes valoradas, con dereito recoñecido atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia vixentes en cada momento, fixadas polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

6. Modifícanse os puntos 2, 3 e 4 do artigo 17 e engádese un punto máis (o 5), que quedan redactados da seguinte forma:

2. Nos demais supostos aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referida ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3. Nos casos nos que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder do 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

5. No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicárase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referida ó IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

Introdúcese un novo parágrafo ao inicio do artigo 22 e modifícase o **punto 1**, que queda redactado da seguinte forma:

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

B) MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1. Modifícase o punto 1 do artigo 6, que queda redactado da seguinte forma:

1. A capacidade económica das persoas dependentes valoradas, con dereito recoñecido atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia vixentes en cada momento, fixadas polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2. Modifícanse os puntos 2, 3 e 4 do artigo 8 e engádesse un punto máis (o 5), que quedan redactados da seguinte forma:

2. Nos demais supostos aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referida ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %

Capacidade económica (referida ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3. Nos casos nos que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder do 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

5. No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicárase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referida a ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas

	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

3. Modifícase o punto 2 do artigo 11, que queda redactado da seguinte forma:

11.2. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

5. Rexeitamento do recurso de reposición presentado por Raviña e outros

Dáse conta do recurso de reposición presentado por Raviña e outros, con data 21 de outubro de 2013, rexistro de entrada número 2034.

O señor Canabal di o seguinte: “Vai con tres veces que vén ao pleno desta corporación o acordo de suspensión da execución das obras de urbanización do SAUI-2. E supoño que non hai 3 sen catro.

Son sobradamente coñecidos os argumentos por min expresados neste pleno da Corporación, en especial os expresados no pleno ordinario do mes de setembro aos que me remito e por brevidade non vou a repetir.

Pero compre insistir, e por terceira vez, que visto os antecedentes e as consideracións xurídicas do acordo de xullo, antóllase claramente ilegal a suspensión temporal do inicio das obras de execución da urbanización, o aprazamento da presentación do Aval, e a modificación dos prazos no plan de etapas do Plan de Sectorización.

E por terceira vez, non empregan nin un só argumento xurídico que avale esta suspensión. Porque, Sra. Secretaria, a crise económica non é un argumento xurídico para incumplir as leis. Ou si? Porque se é así, chamamos á toda a poboación de Boqueixón a que se fagan insumisos fiscais, que non paguen lixo, nin IBI, nin imposto de vehículos, nin taxas, nin ICIO...

Por outro lado, sen existir argumentos xurídicos, tamén se incumpre o convenio urbanístico asinado entre o Concello e a Xunta de Compensación do SAUI-2 e ratificado por este pleno. Recordan?

Dicía no pleno de setembro que os Concelleiros desta corporación, teremos que ser responsables do noso voto.

En definitiva, tómasse un acordo por terceira vez que contradí claramente lexislación básica en materia de solo, tómasse sen ningún informe xurídico que o avale (tres veces), tómasse contra do convenio urbanístico regulador aprobado neste mesmo pleno, retórcese como un calcetín a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común”.

(Responde a Secretaria que efectivamente o incumprimento da obriga de urbanización faculta ó municipio para substituír o sistema de actuación polo de expropiación e para incautar a garantía prestada para satisfacer as responsabilidades derivadas da execución das obras, pero o problema está en que tal como consta acreditado no expediente , a Xunta de Compensación non conseguiu que entidades bancarias lle concedesen o aval do 20 % (2.740.296,82 €) do presuposto da execución material do proxecto de urbanización. Polo que, o Concello se expropia debe executar a urbanización sen dispoñer sequera dese 20% para incautar e por outro lado parece que tampouco existe empresa algunha que desexa facerse cargo do polígono neste momento.

O concello actualmente non pode facer fronte ó custo que supón a execución total da urbanización (19.239.623,94 €)).

O señor Barcala di que sinte que Boqueixón non poida ter un polígono, pois é necesario ter empresas para crear postos de traballo. Por isto (segue dicindo) é moi importante dar axudas ás empresas porque son estas as que poden crear postos de traballo nestes momentos. Non se deberían incrementar os impostos ou as taxas, e pon o exemplo do Concello de Madrid que prevé reducir impostos como o de vehículos e reducir tamén algunhas taxas nos anos vindeiros.

O señor Alcalde respóndelle, ó señor Canabal, que si coñece algunha empresa que queira executar o polígono o comunique e farase.

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor do PP, en contra de ANOVA e a abstención do PSOE e tendo en conta os seguintes,

Antecedentes:

O Pleno da corporación en sesión plenaria que tivo lugar o 10 de xullo de 2013 acordou suspender a execución das obras de urbanización do SAUI-2.

Con data 12 de agosto 2013 o Sr. Raviña Rubio e outros presentan alegacións ao referido acordo.

O Pleno da corporación en sesión plenaria que tivo lugar o 11 de setembro de 2013 acorda rexeitar por extemporaneidade a alegación presentada.

Con data 10 de outubro 2013, o Sr. Raviña Rubio e outros presentan recurso de reposición contra o acordo adoptado o 11 de setembro do 2013.

Consideracións Legais:

Primeiro - Artigo 33 da Lei 30/1992: “Cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren varios **interesados**, as actuacións efectuaranse co representante ou o **interesado** que sinalen, ou de non haber, co que figure no primeiro termo”.

Segundo - Artigo 59 da mesma Lei:

- No apartado 1 establece que as notificacións practícaranse por calquera medio que permita ter constancia da recepción **polo interesado ou o seu representante.**
- No apartado 4 establece que cando os interesados sexan descoñecidos ou se ignore o lugar de notificación ou intentada a notificación non se puidera practicar, farase por medio de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos do concello.

Terceiro - Artigo 84 establece que os interesados nun prazo non inferior a 10 días **nin superior a 15**, poderán alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen pertinentes.

De todo o cal se deduce, que as actuacións pódense efectuar co interesado ou o representante. E con este último foi o que actuou o concello, máxime tendo en conta a ligazón de parentesco nun caso e de notificación como membro da Cooperativa SAUI-2 (cuxo prazo finalizaba o 7 de agosto para presentación de alegacións) tal como se sinalaba no recurso interposto polo Sr. González Rey, resolto o 16 de maio deste ano, sen que a esta data fose desmentido.

Polo que, se rexeita a alegación primeira do escrito presentado polo Sr. Raviña Rubio.

En canto ás alegacións segunda e terceira, dicir unicamente que se a Xunta de Compensación non puido conseguir os avais bancarios para iniciar a execución da urbanización, tampouco o Concello os vai conseguir, e máxime tendo en conta que coa actual normativa de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira que deben cumprir as Administracións Públicas, (tamén o Concello de Boqueixón), é imposible acceder a crédito bancario.

Ademais, o Concello, de optar pola expropiación, atoparíase sen garantía que incautar pois como xa se ten acreditado, o SAUI non consegue financiamento para facer fronte o aval esixible para iniciar as obras de urbanización.

Por outro lado, e sempre tendo en conta a actual situación de crise económica en todos os ámbitos, non se da tal situación de urxencia ou necesidade que establece o artigo 140.1 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que xustifique a expropiación nestes momentos.

Respecto a cuarta alegación, dicir que realmente non se incumpre nin varia substancialmente o Plan de Sectorización. Tan só se varían os prazos, fixados nun convenio posterior e por moitos motivos sobradamente xustificadas como é a falta de financiamento para a execución das obras de urbanización neste momento.

Por último, en canto á alegación quinta, comunicarlle ao Sr. Raviña e demais interesados, que na fase de trámite de audiencia ningún interesado particular ou empresa, mostrou interese en continuar e consecuentemente iniciar a execución das obras do polígono neste momento e pola contra si se acepta a suspensión temporal. Aínda con todo isto, se os recorrentes o consideran e presentan o correspondente aval

(20% do total da urbanización), poderase reformular o acordado e iniciar as obras de urbanización.

ACÓRDASE:

- 1- Rexeitar o recurso presentado o 21 de outubro 2013, rexistro 13/2034, por don Xosé Manuel Raviña Rubio e outros.
- 2- Non suspender o acordo do Pleno ordinario de 10 de xullo de 2013, de suspensión temporal da execución do proxecto de urbanización do SAUI-2.
- 3- Comunicar este acordo aos interesados.

6. Aprobación POS 2014

Con data 30 de outubro de 2013 ten entrada no rexistro municipal a circular sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal – POS 2014, na que asignan para este concello a cantidade de 213.458,79 euros.

Entre as novidades que este ano presenta este plan, unha delas é a súa tramitación totalmente telemática, desde a solicitude da axuda ata a xustificación e pagamento a través da plataforma que a Deputación pon á disposición das distintas entidades.

O prazo para a presentación das solicitudes remata o día 27 de decembro de 2013 ás 14.00 horas.

Outra das novidades é que o concello pode destinar o 60% da cantidade que se lle asigna ó financiamento dos gastos correntes que o concello ten que realizar durante o exercicio económico, pero no ano 2014 tamén poderá destinala á amortización anticipada de débeda.

No caso deste concello destinaranse 113.458,79 euros a financiar os gastos correntes, concretamente a partida de gastos de iluminación pública, presupostada no orzamento do ano 2014 en 225.000,00 euros.

A cantidade restante, 100.000 euros xunto coa achega municipal será dedicada á realización do proxecto que se trae para a súa aprobación plenaria.

A continuación o señor Canabal di o seguinte: “O Plan POS establece nas súas bases que os concellos poden empregar ata un 60% en gastos correntes, dos cales os datos en Boqueixón se adican:

- Gastos correntes (electricidade): 113.458,79 € (53,15%).
- Obras: 100.000,00 € (46,85%).

E as obras escollidas este ano son:

- Senda Peonil na Corna: (670 m): 81.235,16 €.
- Beirarrúas en Villalapaz: (282 m): 26.576,52 €.

Estame quedando certamente como un concurso da tele.

Neste caso, se ben vexo a necesidade de ambas as obras por tratarse de puntos certamente con perigo e polo que transita xente, podo apoiar estas obras. Certamente, e así o teño dito nos últimos anos que entendemos a situación económica pola que se está a atravesar e mesmamente necesario facer abasto de recursos do POS para a prestación de servizos. O de Fenosa xa non me fai tanta graza.

Certo é tamén que ao PP impórtalles un nabo se hoxe aquí votamos a favor ou en contra. Eu creo que o desprezo e a soberbia é tal, que incluso sobarda os 9 representantes municipais. Mais éme tamén absolutamente indiferente cal sexa a súa actitude de cara aos membros que formamos parte desta corporación, posto que a estima que eu poida terlles, coido que é directamente proporcional á que vostedes me teñen a min. E tende a 0.

Si me preocupa máis que esa soberbia e ese desprezo o sufran os veciños do concello. Iso si que me pode preocupar.

Aínda que vou absterme na votación deste punto, porque así o desexaron vostedes ao non querer que participásemos na elaboración das prioridades deste concello, si lles recordo de anacos de estradas dentro de núcleos urbanos, no caso de Lestedo Concretamente, existen 3 tramos de pistas dentro do chan urbano de Lestedo que continúan a día de hoxe sen asfaltar, que son:

- A pista que vai dende o 26 á Igrexa (pola parte de abaixo da casa de Germán), onde se pregunta tamén se non é posible ensanchala.
- A pista que vai dende a Igrexa ao Cruceiro de Castrelo.
- Un tramo de pista no interior de Vilar e que dá servizo a dúas ou tres casas.

Non é o meu obxectivo que o concello incrementemente máis de asfalto pistas, pero chama a atención estes tres casos por atoparse en chan urbano.

Neste caso aproveito para que teñan en conta esta petición para poder facerlle fronte ao longo do ano 2014”.

O señor Alcalde responde que xa se estivo mirando e que non se incluíron neste plan posto que sería necesario o permiso de patrimonio e non chegaría a prazo Nalgún dos plans do vindeiro ano asfaltaranse porque son tres pistas do centro da parroquia, enclavadas, como xa se dixo en chan urbano

O señor Barcala di que solicita o arranxo de pistas en terra situadas en Codeso.

Responde o Alcalde que están en bastante boas condicións e xa hai bastantes asfaltadas.

Reitera o señor Barcala que concretamente unha moi transitada está en malas condicións.

Segue dicindo o señor Barcala que vota a favor porque considera que son obras necesarias. Non obstante hai 670 metros lineais de beirarrúa con borde de formigón, 15 cm de zahorra e 10 cm de formigón con mallazo e xuntas de dilatación. Previo a execución da beirarrúa, canalización de tuberías de PVC de 315 m/m de diámetro con arquetas para pluviais e canalización de tubo de polipropileno verde para iluminación pública. Isto na senda peonil para seguridade vial na Corna (Camporrapado) –Pousada.

En canto á seguridade vial en Villalapaz, hai 282 metros lineais de beirarrúa con borde de formigón con mallazo previo á execución da beirarrúa contéplase a canalización de tubería de PVC 315 m/m con arquetas para pluviais e canalización de tubo verde de polipropileno para iluminación pública.

Pregunta o señor Barcala por qué na Corna-Pousada se pretende botar unha capa de formigón de 10 cm. con mallazo e en Villalapaz-Oural-Camporrapado de 12 cm. de formigón con mallazo; en todo caso debería ser ó revés, posto que na AC-960 o peso que podería soportar sería sempre maior.

O presuposto sen IVE é de 89.100,56 € e con IVE 107.811,68 €. Sendo o da Corna-Pousada: 56.417,00 € e o de Villalapaz-Oural: 18.457,42 €.

Ambos sen gastos xerais nin beneficios.

O señor Alcalde responde que iso depende dos técnicos redactores do proxecto e que eles coñecerán o porqué de se fan así.

O señor Canabal di que parece excesivo o custo da senda peonil, ó que responde o señor Alcalde que hai que descontar os custos xerais e imposto.

O señor Barcala di que aínda así segue parecendo excesivo.

Responde o señor Alcalde que si o conseguen máis barato poden eles negociar con ETG.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e PSOE e abstención de ANOVA, acórdase:

1.- “Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2014 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Senda peonil para seguridade vial na Corna (Camporrapado) e outro	100000	7811,68	107811,68
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	100000	7811,68	107811,68

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2014 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

Deputación

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	113458,79
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	
SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA	113458,79

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	100000	7811,68	107811,68
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA	113458,79		225000
TOTAL	213458,79		332811,68

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2014 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Presuposto
TOTAIS	

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que vai a tramitar a correspondente autorización ó organismo autonómico por ser zona de afección de Estradas Autonómicas (AC-960)

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2014 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2014 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

7. Modificación presupostaria 2013

Neste intre cando son as 15.45 h. abandona o salón de plenos a Concelleira dona Adela Redondo Rendo.

Dáse conta do informe da Comisión de Contas, reunidos o 24 de outubro de 2013, na que cos votos a favor do PP e coa abstención de ANOVA e do PSOE, se informa favorablemente a modificación presupostaria número 1 deste exercicio 2013.

A continuación o señor Canabal di o seguinte: “Neste punto reafírmome no dito na Comisión de Contas.

Preséntase unha modificación orzamentaria para dar cabida a:

- Un incremento na partida de xuros do préstamo que ten o concello.
- Unha obra do AGADER non orzamentada, na que o concello ten que asignar o IVE.
- Un incremento no programa de gastos do lixo por un erro na contabilización dos cálculos á hora de elaborar o orzamento.
- Unha xeración pola sentenza do Xulgado do Social para indemnizar ao traballador José Olimpio Agrelo por importe de 16.917,75 € por despido improcedente.

Neste último caso, e insisto no dito na Comisión de Contas, coido que debería preverse as outras dúas sentenzas en curso, posto que será moi probable que sexan no mesmo senso, e probablemente neste ano, e probablemente haxa que facer outra modificación orzamentaria.

Mantéñome no senso do voto establecido na Comisión de Contas absténdome”.

O señor Alcalde en canto á sentenza di que eles non despediron a ninguén, senón que finalizaron o contrato e ó rematar tiveron que marchar e logo denunciaron.

O señor Canabal di que iso é un despido por finalización do contrato e pide que conste que o alcalde dixo que se non marcharan seguirían traballando.

O señor Barcala di que si un traballador leva máis de tres anos encadeados traballando, xa se consideran fixos.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e coa abstención do PSOE e tendo en conta os seguintes ,

Antecedentes:

1.-INTERESES

Na liquidación do presuposto xeral 2012, na partida 310.00 da área de gasto 011, quedaron coma obrigas recoñecidas 3.031,17 € para o abono de intereses correspondentes ao 4º trimestre do referido ano. O citado importe é insuficiente ao considerarse por erro os intereses deste ano 2013 que baixaron considerablemente. A contía correcta é 6.598,30 €, polo que segundo o informe de contabilidade, é necesario ampliar a partida por importe de 3.567,13 €.

2.- IVE

A Dirección Xeral de desenvolvemento rural asigna ao Concello de Boqueixón 52.952,00 € (IVE excluído) para anualidades 2013-2014. Na anualidade 2013 é de 24.975,53 € aos que se debe engadir o correspondente IVE por importe de 5.244,86 €. Proxecto a executar: camiño Cruce de Frenza a Carballeira e outros.

A subvención xerarase no seu momento, pero para o IVE (5.244,86 €) debe darse de alta o subconcepto na partida 619.02 da área de gasto 411 por importe de 5.244,86 €.

3.- LIXO

No presuposto 2013 na partida 213.00 da área de gasto 342, consígnanse 40.000 €. Esta cantidade é insuficiente para as empresas que realizan estes servizos, como son SOGAMA, COGAMI, SECOPE, para reparacións do camiión do lixo etc., polo que é necesario incrementar a partida en 67.616,02 €.

4.- INDEMNIZACIÓN

En virtude da sentenza do Xulgado do Social, hai que indemnizar ao traballador D. José Olimpio Agrelo con 16.917,75 € por despido. Dito importe non existe consignado no actual presuposto 2013, polo que se debe dotar á partida 233.00 da área de gasto 921. Por outro lado, no presuposto 2013, existen a esta data, os seguintes importes presupostarias sobrantas das partidas:

1. Da partida 611.02 área de gasto 341, saneamento e abastecemento augas en Engas (15.122,46 €), o importe executado foi de 7.561,44 €, polo que queda un remanente de 7.561,02 €.
2. Da partida 611.02 área de gasto 341, saneamento en Loureiro (15.302,29 €) o importe executado foi de 7.932,76 €, polo que queda un remanente de 7.369,53 €.

Tendo en conta así mesmo que, segundo o informe emitido polo responsable do departamento de contabilidade con data 14/10/2013 nas partidas 113.00 e 310 de ingresos (IBI URBANA e TAXAS) recadáronse á referida data maiores ingresos dos previstos no presuposto.

Consta, así mesmo, o informe da Secretaria-Interventora de data 21-10-2013,

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: transferir ás seguintes partidas presupostarias deficitarias os seguintes importes das partidas que a continuación se detallan:

Á partida	Transferencia	Total partida	Da partida	Crédito existente	Crédito restante
(Intereses) 011.310.00	3.567,13	15.886,80	341.611.01	7.561,02	3.993,89
(IVE) 411.619.02	5.244,86	5.244,86	341.611.02	7.369,53	2.124,67
(Lixo) 342.213.00	6.118,56	46.118,56	341.611.01 341.611.02	3.993,89 2.124,67	0 0

SEGUNDO: Incrementar as seguintes partidas presupostarias deficitarias cos importes por maiores ingresos efectivamente recadados a data 14/10/2013 sobre os previstos por IBI URBANA (partida 113 ingreso) e TAXAS (310 ingresos) tal como a continuación se detallan:

Á partida	Incremento	Total incremento	Total partida	Da partida de ingresos	Maior ingreso
(Lixo) 342.213,00	61.497,46	67.616,02	107.616,02	I.113.00	68.458,45
(Despido) 921.233,00	16.917,75	16.917,75	16.917,75	III.310.00	19.475,77

TERCEIRO: resumo modificación presupostaria.

A) Transferencias:

- Intereses préstamo → 3.567,13 €
- IVE obras PEIM → 5.244,86 €
- Tratamento lixo → 6.118,56 €

B) Suplementos con maiores ingresos:

- Tratamento lixo → 61.497,46 €
- Indemnización despido → 16.917, 75 €

CUARTO: Con estas modificacións o presuposto de ingresos e gastos quedará como se detalla:

ESTADO DE INGRESOS					ESTADO DE GASTOS				
Cap.	P. inicial	Incremento	Diminución	P.definitivo	Cap.	P. inicial	Incremento	Diminución	P.definitivo
1	671.000,00	61.497,46		732.497,46	1	1.351.067,16			1.351.067,16
2	40.000,00			40.000,00	2	1.043.300,00	84.533,77		1.127.833,77
3	342.914,99	16.917,75		359.832,74	3	16.319,67	3.567,13		19.886,80
4	1.547.081,01			1.547.081,01	4	48.500,00			48.500,00
5	3.238,44			3.238,44	5	-			-
6	-			-	6	300.000,01	5.244,86	7.561,02 7.369,53	290.314,32
7	210.507,96			210.507,96	7	-			
8	3.504,49			3.504,49	8	3.504,49			3.504,49
9	-				9	55.555,56			55.555,56
Total	2.818.246,89	78.415, 21		2.896.662,10	Total	2.818.246,89	93.345,76	14.930,55	2.896.662,10

8. Aprobación do límite de gasto 2014

A Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira establece para as corporacións locais a obriga de fixar un límite de gasto non financeiro que para o exercicio 2014 establece como límite de variación o 1,5 %.

Este límite obtense mediante a aplicación da fórmula que prevé a Lei e é independente dos ingresos, polo que aínda obtendo maiores ingresos dos previstos, non se poden incrementar os gastos na mesma medida, tendo que destinarse este superávit a amortización do préstamo existente.

Polo que, en aplicación da fórmula prevista legalmente, propónse ao pleno a aprobación dun límite de gasto non financeiro para o ano 2014, por importe de **1.918.956, 79 €**

O señor Canabal di o seguinte: “En virtude da Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, ao fin de fixar un límite de gasto non financeiro, establécese un límite de 1.918.956,79 €.

É así como se establece a regra de gasto o que implica o establecemento do teito de gasto na administración local ademais da priorización dos gastos financeiros sobre os outros, e demostra unha auténtica intervención das administracións do Reino de España polos famosos homes de negro.

Dicir que a filosofía desta intervención de establecer límites de gasto non financeiro ten un obxectivo perverso, pois faise para poder acumular gasto financeiro ao servizo dos poderes fácticos”, o que é unha guerra do dogma contra as luces da razón.

Esta política é claramente “reaccionaria” e constitúe un auténtico atentado á autonomía local (programada tamén na Constitución).

Entramos pois nunha espiral indefinida e perversa de recortes e incrementos da presión fiscal. Unha intervención en toda regra da administración, un baleirado de competencias aos concellos e unha liquidación a medio e longo prazo.

E todo isto sen que ninguén diga nada”.

O señor Barcala di que este Pleno é excesivo. Bastaría con traer o presuposto e pouco máis, e sobre todo á hora na que ten lugar.

Neste intre o señor Barcala fala dos IBIS, do seu incremento e o señor Alcalde di que o incremento non o fixo o concello senón que veu do Ministerio. Efectivamente o señor Canabal di “ o ponencia fíxose no 2001 e por iso neste ano 2013 e tamén no 2014, o incremento estatal foi ata o 0,6 %. (A ordenanza municipal prevé o tipo do 0,44, o cal non se variou)

Cos votos a favor do PP e en contra do representante de ANOVA e a abstención do PSOE, acórdase aprobar o límite de gasto non financeiro para o ano 2014 por importe de 1.918.956,79 €.

9. Aprobación presuposto 2014

Dáse conta do presuposto xeral municipal para o ano 2014, que ascende tanto en gastos como en ingresos a 3.048.625, 67 € e que foi informado favorablemente pola Comisión de Contas na reunión que tivo lugar o 24 de outubro de 2013.

A continuación o señor Canabal di : “Paradójicamente este punto vén sen proposta, tan só coa acta da mesa de contratación. Mais imaxino que quixerán aprobar o orzamento que elaboraron, que foi sometido e modificado na comisión de contas.

Tamén neste punto, e en aras á brevidade quero remitirme á acta da Comisión de Contas, polo que moitos dos problemas que aí expuxen non voltarei a comentalos. Certamente comentaríalos se houber alguén para debatelos. Mais nunca atopo a ninguén

Mais algún deles si os reitero, posto que estou convencido de que os concelleiros non se molestaron en ler esta acta.

Destaco dos orzamentos tres ideas xerais:

- **Primeira:** Os orzamentos equilíbranse, un ano máis, polo incremento da presión fiscal aos veciños deste concello. Incremento superlativo de taxas (caso da axuda a domicilio, auga, saneamento...), ou dos impostos directos (O IBI urbano subiu nos últimos dous anos un 36,67% - 13,64 % no ano 2012 e un 20% no 2013 -), ou na creación e establecemento de prezos públicos (repagamentos) sobre actividades financiadas con recursos doutras administracións.
- **Segunda:** Seguen a manterse as extremadamente caras externalizacións de servizos públicos, caso do abastecemento da auga e do saneamento, mesmamente cando informes emitidos por distintos organismos a este concello, teñen concluído a irregularidade destas, e aconsellado a súa revogación.
- **Terceira:** Cada vez este concello conta con menos marxe de manobra para a elaboración dos seus orzamentos, polas políticas de gastos (e dilapidacións) xeradas nos últimos anos. Deste xeito o aforro bruto estimado é de 121.556 € (cos datos liquidados é sempre menor), ao que haberá que descontarlle a anualidade teórica de amortización do préstamo (65.556 €) quedando un aforro neto de 56.000 € que é o marxe co que xoga o concello. (Deste xeito o concello non pode acceder a diversos programas).

Son as tres ideas fundamentais para oporse a estes orzamentos.

En canto á análise dalgunha das partidas tanto de ingresos e gastos quixer determe nas seguintes.

Polo lado dos ingresos:

- **III.- Taxas e prezos públicos:** É este epígrafe o grande descubrimento do actual equipo de goberno. Aquí grávanse mediante repagamentos toda actividade pública (axuda a domicilio cunha taxa regresiva e inxusta; as taxas de abastecemento de auga e saneamento, para permitir ter contenta á empresa concesionaria, mesmamente á conta dos veciños; os prezos públicos ás actividades municipais deportivas e culturais con independencia da cofinanciación por outras administracións...). É dicir, nos últimos dous anos atoparon nestas figuras impositivas (taxas e prezos públicos) unha auténtica mina de ouro, que permiten agochar as vergoñas dunha xestión máis que deficiente na prestación destes servizos.
- **VII.- Transferencias de Capital:** Neste caso representan o 20,67% do orzamento e un incremento do 199,29% respecto ao 2013. É esta a explicación do incremento nos investimentos sobre todo pola obra de reforma da depuradora

de Lestedo financiada integramente por Augas de Galicia (Presuntamente).O resto responden a convenios de aforro enerxético do INEGA e a convenios menores coa Consellaría do Medio Rural e Deputación para regas e rebacheos de camiños.

Polo lado dos gastos detereime nas seguintes:

I.- Gastos de persoal: 1.176.537,47 €.

En canto ao persoal cabe destacar:

- Os gastos de persoal ascenden a 1.176.537,47 €, que representan o 38,59% do total do orzamento, e que se reducen nun 13% respecto aos de 2012 (basicamente polas baixas de todo o persoal do GRUMIR).
- Non se establece xeralmente incremento dos salarios individuais agás nos 3 operarios dos GRUMIR que se xustifica un incremento de 300 €/brutos mes para o capataz e 200 €/brutos mes para os dous oficiais por incremento da carga de traballo.
- Especificase na memoria unha subvención concedida pola Consellaría de Traballo e Benestar para a contratación de 9 peóns e 3 xefes de equipo durante 5 meses, sen que apareza dentro da estrutura orzamentaria dos presentes orzamentos.
- Inclúese na RPT axudante recolledor de lixo (Laboral Temporal) de nova creación.
- Inclúese na RPT 3 operarios (Laborais Temporais) tamén de nova creación.
- Suprímese auxiliar de deportes xustificado no descenso de usuarios de actividades e na implantación de novas actividades cun alto grao de especialización que non daría asumido directamente este auxiliar. Resulta curioso que sexa este auxiliar o que lle ten gañado un xuízo ao concello pola redución da xornada. Curioso, mais será unha casualidade.

Mais en canto ao persoal deixo claro a postura, que é a expresada en anos anteriores:

- Podo estar de acordo con implementar os 4 operarios incluídos na RPT (para o mantemento e axuda do servizo de recollida).
- Podo estar de acordo incluso tamén co incremento nos salarios do capataz e operario do extinto GRUMIR, mais sempre e cando que se lle garanta unha xornada laboral de 40 horas semanais e quendas de descanso de 36 horas de xeito ininterrompido, cousa que se me antolla difícil neste suposto.
- Non podo estar de acordo que namentres se implementan 3 novos operarios para o servizo de obras, sigamos a manter externalizado cun alto custo o servizo de abastecemento e saneamento de auga a unha empresa privada.
- Non estou de acordo tampouco que o servizo de axuda a domicilio estea externalizado a unha empresa externa debendo e podendo asumilo directamente o concello.
- Tampouco son partidario das externalizacións puntuais das actividades deportivas do concello, polo tanto, tampouco me amosarei conforme coa supresión do auxiliar de deportes da RPT.

En fin, coido que queda claro a estrutura do persoal deste concello, e tamén a crítica que ano a ano fago a esta. É imposible manter o actual plantel do Concello e parellamente externalizar a xestión e realización de diversas actividades en empresas privadas.

II.- Gastos en Bens correntes e servizos: 1.074.000,00 €

En canto ao capítulo II, o de bens correntes e servizos, destacar que este representa o 35,23% do total do orzamento e por outra banda, increméntase un 3% respecto ao orzamentado no pasado ano, e é o único capítulo que individualmente non cumpre coa regra de gasto.

Tamén no referido a este capítulo chaman a atención dúas partidas en concreto:

- 910.226.01 Atencións Protocolarias: Aparecen de novo e cun importe de 5.000,00 € esta partida, sen saber a que resposta; ou a inversa, que necesidade no último ano motivou a que teña que voltar esta partida ao orzamento?
- 910.233.00 Outras indemnizacións: Aparece recollido un incremento de 8.800,00 € (+28,21%) no que son as retribucións aos concelleiros, sen saber tampouco a que resposta este incremento. Canto suman (estimación de momento) esta partida no presente ano?

IV.- Transferencias correntes: 29.500,00 €.

Representa este capítulo o 0,97 % do orzamento eu unha baixa do 40% respecto do orzamentado no 2013.

Neste punto quixer deixar reflectido o informe de Secretaría-Intervención, de 18 de xuño de 2013, o que lle recorda que con carácter xeral a Lei de subvencións establece como requisito previo para o outorgamento de subvencións a aprobación das correspondentes bases reguladoras que se deberán publicar.

Aquí sen embargo, os cada vez menos recursos para subvencións repártense de xeito indiscriminado, sen baremación ningunha, é dicir, son os recursos que ten o alcalde para subvencionar aquelas actividades e entidades “amigas”.

VI.- Investimentos. 696.032,20 €

Representan o 22,83% dos orzamentos e un incremento do 132,01 % dos investimentos de 2013. Mais esta contía ten as súas trampas:

INVESTIMENTOS 2014

PARTIDA	DENOMINACIÓN	PLAN	IMPORTE TOTAL	XUNTA	DEPUTACIÓN	CONCELLO
411.619,00	OBRAS POS	POS	107.811,69 €		100.000,00 €	7.811,69 €
411.619,01	CAMIÑO AC-160 A PONTE (POR ABELEIROS) E OUTROS		156.525,51 €		125.217,20 €	31.308,31 €
411.619,02	CAMIÑO CRUCE FRENZA A CARBALLEIRA E OUTROS	PEIM	33.880,00 €	28.000,00 €		5.880,00 €
341.611,00	REFORMA DEPURADORA LESTEDO	AUGAS	285.506,69 €	285.506,69 €		
341.600,00	ADQUISICIÓN PARCELA DEPURADORA		6.000,00 €			6.000,00 €
332.611,00	AFORRO ENERXÉTICO	XUNTA	75.000,00 €	60.000,00 €		15.000,00 €
351.611,00	INVESTIMENTOS	DEPUTACIÓN	31.308,31 €		31.308,31 €	
	TOTAIS		696.032,20 €	373.506,69 €	256.525,51 €	66.000,00 €
			100,00%	53,66%	36,86%	9,48%

Soben os investimentos por unha actuación directa de Augas de Galicia na reforma da depuradora de Lestedo o que supón practicamente o 50% do total dos investimentos.

Por outro lado, o Concello de Boqueixón financia menos do 10% do total dos orzamentos correspondéndose os investimentos a convenios coa Deputación e Xunta onde o Concello pon unha cantidade claramente residual.

Conclusión:

Coido que ao longo de toda a intervención deixei claro os aspectos fundamentais polas que compren outras políticas e outros orzamentos, posto que estes reflicten:

- Unha política de persoal claramente caótica.
- Unha política de investimentos deslavazada, dependente doutras administracións e por anos cun baixo grao de execución real, por non ser o concello capaz de asumir coas súas obrigas.
- Unha política de externalización de servizos públicos xeralizada que nos leva a uns servizos públicos caros.
- Incremento lineal e moi pronunciado da presión fiscal sen ter en conta a capacidade económica das familias. Nos últimos dous anos a presión fiscal dos veciños de Boqueixón viuse fortemente incrementada sen que os servizos que se prestan incrementaran a súa calidade. Os aumentos responden pois ás deficientes políticas de externalización de servizos que se levaron a cabo e non polo custo efectivo e eficiente do servizo público prestado.
- A redución das transferencias correntes rexistradas nos últimos anos por ese comando de exterminio formado polo Goberno do Estado e da Xunta de Galicia, e seguidas tamén polo goberno municipal deixa os concellos sen marxe e dependentes para subsistir do incremento da presión fiscal sen ter en conta a capacidade económica real dos nosos veciños.
- Ausencia de políticas paliativas das medidas inxustas impostas polos gobernos estatais e autoenémicos (Caso do repagamento de fármacos, taxa dos comedores escolares, pago de libros...)
- Unha escasa marxe de manobra do concello, tan só 56.000 €.

En fin, queda pois claro as grandes eivas que ten este orzamento froito das políticas seguidas nos últimos anos que tenderán máis cedo que tarde a baleirar de contidos os concellos para a súa posterior liquidación.

E no actual contexto, cunha poboación envellecida que vive das súas escasas pensións, os incrementos de impostos e taxas, o recorte no acceso aos servizos públicos, estanos deixando no limiar da pobreza. Iso é o que nos indican as estatísticas.

E a xente, señores, estase a cansar. Uns resígnanse e outros indignámonos ao ver que despois do exposto, ninguén está disposto a mover un dedo”.

O señor Barcala di que si os ingresos por IBI rústica do 2013 son de 30.000 € é de supoñer que o vindeiro ano 2014 sexan polo menos iguais que os do ano 2013, porque non creo que desapareceran do Concello de Boqueixón as leiras rústicas.

Con respecto á IBI urbana sucede algo similar. Os ingresos presupostados para 2013 son de 296.000 € e os ingresos presupostados para 2014 son de 311.500 €, o que supón un incremento con respecto ó ano pasado de 15.500 €. Neste apartado prodúcese neste ano un incremento dun 20 % en todos os recibos, o que se debería traducir nun incremento de 59.200 € con respecto ó ano pasado.

Sen embargo prevese soamente un incremento de 15.500 €, é dicir que faltaría do presuposto unha cantidade de 43.780 €. ¿É que se derrubou algunha vivenda en Boqueixón?

En canto as taxas do lixo, altas abastecemento, saneamento, prodúcese un incremento de 47.000 € con respecto ó ano pasado. ¿É que se vai producir este ano un incremento tan alto destas taxas? ¿Pensarán xa no incremento que levará a cabo SOGAMA?

Si se leva a cabo dito incremento e repercute na taxa do lixo ós usuarios finais, produciríase un incremento dun 33 % na referida taxa.

Sen embargo no presuposto 2014 amplíase incluso un incremento maior, é dicir , dun 47% aproximadamente.

En resumo, prodúcese ou mellor dito, teñen vostedes previstos uns ingresos superiores ó pasado exercicio de 230.378,78 €. Basicamente pola vía do incremento de transferencias de capital (Deputación 98.010,50 €; Xunta 321.514,69 €) o cal indica que este noso concello cunha poboación inferior a 5.000 habitantes depende fundamentalmente das achegas económicas doutras Administracións (Xunta , Deputación, Goberno Central, Comunidade Económica Europea, etc.)

O señor Alcalde responde tanto ó señor Canabal como o señor Barcala que o Concello de Boqueixón non vai incrementar a taxa da recollida do lixo máis do que xa está.

O señor Canabal respóndelle que salvo que o obriguen.

O señor Barcala di que a partida de promoción turística está insuficientemente presupostada, pois 3000 € non chegan nin para pinchos ou tapas.

E que sería conveniente, nestes intres, promocionar o turismo en Boqueixón.

Responde o señor Alcalde que a pesares do escaso presuposto, promocionarase igualmente o turismo en Boqueixón, na medida das posibilidades do concello.

O señor Canabal di que o Pleno debería criticar as subidas xeneralizadas de impostos e taxas, impostos ós concellos porque vulneran a autonomía municipal.

Sen máis, cos votos a favor do PP e en contra de ANOVA e do PSOE acórdase:

1. Aprobamos o presuposto xeral para o ano 2014 do que do seu estado de gastos e ingresos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Euros
A/ Operacións Correntes		
1	Gastos de persoal	1.176.537,47 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.074.000,00 €
3	Gastos Financeiros	14.000,00 €
4	Transferencias Correntes	29.500,00 €
	Total.....	2.294.037,47
B/ Operacións de Capital		

6	Inversións Reais	696.032,20 €
7	Transferencias de capital	
8	Activos Financeiros	3.000,00 €
9	Pasivos Financeiros	55.556,00 €
	Total.....	754.588,20 €
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS		3.048.625,67 €

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Euros
A/ Operacións Correntes		
1	Impostos directos	655.917,00 €
2	Impostos indirectos	6.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros	350.000,00 €
4	Transferencias correntes	1.402.442,47 €
5	Ingresos patrimoniais	1.234,00 €
	Total.....	2.415.593,47 €
B/ Operacións de Capital		
6	Alleamento de inversións reais	
7	Transferencias de capital	630.032,20 €
8	Activos financeiros	3.000,00 €
9	Pasivos financeiros	

	Total.....	633.032,20 €
TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS		3.048.625,67 €

2. Aprobar as bases de execución do presuposto xeral

3. Aprobar o cadro de persoal que a continuación se transcribe:

CADRO DE PERSOAL 2014				
Núm. Efectivos	Denominación	Subgrupo	C.D	Situación
1	Secretaria	A-1	28	Propiedade
ADMINISTRACIÓN XERAL				
1	Administrativo	C-1	22	Propiedade
5	Administrativos/as	C-1	20	Propiedade
3	Auxiliares	C-2	18	Propiedade
ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
1	Facultativo de bibliotecas e arquivo	A-1	24	Propiedade
1	Psicólogo	A-1	24	Propiedade
1	Técnico Formación Ocupacional	A-2	24	Propiedade
1	Traballadora Social	A-2	25	Propiedade
1	Técnico Auxiliar de Urbanismo	C-1	20	Propiedade
1	Capataz de obras	A.P	14	Propiedade
LABORAL FIXO				
1	Monitor Deportivo	C-2		Propiedade
1	Conserxe	A.P.		Propiedade
1	Condutor recolledor do lixo	C-2		Propiedade
3	1 Capataz de serv. e 2 oficiais serv.	C-2		Propiedade
2	Operarias de limpeza	A.P.		Propiedade
LABORAL TEMPORAL				

4	Operarios			
1	Dinamizador social			
1	Operario de limpeza			
1	Educadora Familiar			
1	Conserxe			
6	Traballadoras da Escola Infantil			
1	Secretaria xulgado de paz			
1	Psicóloga CIM			
1	Técnico Orientación laboral			
1	Auxiliar servizos sociais			
1	Axente desenvolv. local			
1	Directora CIM			
PERSONAL DE GOBERNO				
1	Alcalde			Dedicación exclusiva

10. Adopción fillo adoptivo

Xosé Neira Vilas, naceu en 1928 no lugar de Gres, parroquia do veciño concello de Vila de Cruces.

Os concellos de Vila de Cruces e Boqueixón, comparten a ollada imperturbable e o murmurio constante do río Ulla, precisamente é o río Ulla quen delimita a raia entre ambos concellos. Por iso, estamos ante uns límites moi subxectivos, dependen moito das caprichosas augas do río; se agariman máis a banda dereita ou a esquerda, se soben ou baixan.

Nas palabras do propio Neira, en varias ocasións lle escoitei dicir que *os ríos unen e as montañas separan*. Unha afirmación que Xosé Neira comprobou dende crianza, a súa infancia tivo lugar nunha alta porcentaxe desta banda do río.

Neira, neno, foi de Boqueixón por todos os sentidos, pois este Concello acolleu *aquel neno* nas súas brincadeiras, nas súas viaxes máis próximas; feira do 26, carnavaís, Pico Sacro,... e sobre todo dende Gres calquera ollada necesariamente é para Boqueixón.

Neira, como a maioría dos galegos, tamén os nosos veciños e familiares de Boqueixón, tivo que abandonar a súa terra, emigrou a Bos Aires e tamén estivo en Cuba, el foi un referente para moitos dos veciños de Boqueixón, foi un gran embaixador, sempre humilde e accesible para todos.

Estou seguro que os nosos emigrantes sempre tiveron un amigo en Neira, así como ese referente de amor a súa terra, cultura, tradicións e lingua.

Precisamente nun café de Bos Aires foi onde Xosé Neira compuxo *Memorias* publicado este libro por primeira vez no ano 1961, nesta cidade. O protagonista, Balbino, despois

de 52 anos é coñecido en toda a face terrestre. Varias edicións e traducido a 70 linguas, varios estudos e teses doutorais son un aval máis que fiable deste fenómeno universal. Un éxito que gurgulla dende o noso río Ulla, Balbino fala galego, mais é unha fala vizosa e chea de autenticidade cun léxico e vocabulario de especiais características. Léxico e vocabulario compartido por todos os habitantes da zona, pois son típicos da comarca da Ulla á que todos os veciños de Boqueixón.

A obra literaria de Neira Vilas é recoñecida internacionalmente, o prestixio da súa escrita é cualitativo e tamén cuantitativo. A súa biografía interminable está saturada de éxitos literarios en todos os ámbitos.

Neses éxitos tamén Boqueixón forma parte importante, pois na obra de Neira está ese galego típico desta contorna e, tamén as numerosas mencións explícitas ou implícitas a lugares do Concello.

Finalmente, Neira é desta terra, así o demostrou durante a súa vida cos seus feitos; paisano humilde, persoa boa e xenerosa, deixou o seu carisma e confirmación na décima de Gres esculpida en pedra.

Por todo o que é e, significa Neira Vilas para Galicia e concretamente para o concello de Boqueixón, fundamentalmente a súa querenza por este Concello, a Asociación cultural Mestre Manuel Gacio, propón ao vate de Gres ante a corporación de Boqueixón para que sexa nomeado **FILLO ADOPTIVO DE BOQUEIXÓN**.

O señor Canabal comeza dicindo que é contradictorio pasar de falar dos orzamentos a falar de Xosé Neira Vilas, e que neste punto coincide co equipo de goberno pero con matices.

Quixer deixar claro a miña estrañeza que este recoñecemento non se tiver feito moito antes. Non chego a comprender os motivos, por exemplo, que cando se “bautizaron” os distintos locais sociais do Concello, ou mesmo o CPI, non se collera o seu nome. Non chego a comprender que entre as fotos que Neira Vilas ten na Fundación e noutros sitios, haxa fotos con alcaldes e políticos de todas as cores (A Estrada, Silleda, Vila de Cruces, Lalín, Celanova...) mais non de Boqueixón.

Da obra de Neira de Vilas non tocará falar neste pleno do Concello. É realmente ampla e fecunda e merecería unha reseña de vagar. O memoradum, aínda que sintético, xa o expresa e xa xustifica a súa vinculación con este Concello. Os ríos unen. Mais en canto a este memorandum coido que falla unha reseña para unha persoa moi importante para Neira Vilas e sen a cal non chegaríamos a comprender a súa obra. Esta é a súa compañeira, falecida xa, Anisia Miranda (Cuba) filla de pai Astur e nai Celanovesa.

Amoso a seguir importancia e o amor profundo que profesaba Xosé Neira Vilas a Anisia Miranda a través do seguinte poema:

Anisia.

Tamén ti es de Gres,

amiga, amada.

De Gres e miña, nosa,

de nós todos.

Deste río, deste val e destes montes.

Es desta terra,

deste vello lugar,
da xente desta aldea
que te agarima
dende que aquí pousaches
as túas ás de pomba tropical.

Es daquí e dalá
—daquela Antilla,
daquel soleado corazón—.

Es palma e piñeiro,
sinsonte e rula,
gaita e bongó.

Dúas patrias
que o mesmo mar abraza.
Es de Gres, deste eido.

Así o sinto
cando regas acivros e camelias,
e ollas estes campos verdecentes,
e bebes destas augas,
e recolles un seixo milenario,
e vas polos meus carreiros
ou falas cos veciños
na lingua ancestral, viva e sagrada.

Anisia,
cidadá do mundo,
árbore florecida
con raíces en Cuba
e a vizosa ramaxe
con espazo de seu,
intransferible neste doce, inmemorial
recanto.

Xosé Neira Vilas

O señor Barcala di que noutras ocasións acordábase previamente polos distintos grupos e neste caso, polo menos con el, non o fixeron. Que certamente o chamou o Alcalde e lle pediu desculpas e polo tanto está de acordo e espera que no futuro se consensúe antes de chegar ó Pleno.

En canto o señor Neira Vilas, está totalmente de acordo en valorar todo o que fixo a prol do municipio e polo tanto alégrase deste recoñecemento.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor de todos os presentes acorda nomear fillo adoptivo de Boqueixón a don Xosé Neira Vilas.

Unha vez adoptado este acordo o señor Alcalde di que nunha próxima data realizarase outra sesión plenaria para a realización do correspondente acto solemne.

11.Mocións núm. 13/2112 do PP; núm. 13/2155 e 13/2156 de ANOVA; núm. 13/2158 e 13/2159 do PS de G

Neste momento cando son as 15.30 horas marcha o Concelleiro Jesús J. Santasmarinas Devesa.

A) Moción núm. 13/2112 do PP

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN NO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. 25 DE NOVIEMBRE DE 2013

Con motivo do Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller, o Concello de Boqueixón manifesta o seu máis profundo rexeitamento a calquera forma de violencia exercida contra as mulleres.

A violencia, que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres, constitúe a mais clara manifestación das desigualdades que persisten entre mulleres e homes, constituíndo un atentado contra o dereito á vida, á seguridade e á liberdade, á dignidade e á integridade física e psíquica das vítimas e, polo tanto, un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade mais xusta e igualitaria.

As situacións de violencia de xénero requiren unha resposta coordinada, eficaz e interdisciplinar por parte das distintas administracións.

A través da mellora da coordinación interinstitucional e da garantía dos dereitos que o noso ordenamento xurídico reconece ás vítimas e aos seus fillos e fillas, preténdese alcanzar unha resposta máis eficaz, centrada na prevención da violencia de xénero, unha mellor protección das mulleres e dos seus fillos e fillas e unha atención personalizada que contribúa á súa recuperación integral.

Por iso, resulta imprescindible xuntar todos os esforzos para facer fronte a este grave problema público e social, apelando á unidade de todas as forzas políticas e das Administracións Públicas, contando coa implicación da sociedade no seu conxunto e apoiando o labor das organizacións especializadas da sociedade civil.

Consciente da necesidade de seguir avanzando neste ámbito, o Concello de Boqueixón reitera o seu compromiso co obxectivo de alcanzar unha sociedade libre de violencia na que as mulleres gocen da dignidade e os dereitos que lles son inherentes, como corresponde a unha sociedade libre e democrática.

O señor Canabal di que vota a favor do dito pola extrema dereita do PP, aínda que con isto non quero dicir que todo o PP sexa de extrema dereita. Por outro lado todo isto sona a xogos florais.

O señor Barcala di que está de acordo.

A señora García Fraga tamén está de acordo.

Cos votos a favor de todos os presentes apróbase a moción número 2112 presentada polo PP.

B) Moción núm. 13/2155 de ANOVA

MOCIÓN SOBRE O TRATAMENTO DO LIXO EN SOGAMA

“PRIMEIRO: O pasado 25 de outubro de 2013, con rexistro de entrada 13/2078, o presidente de SOGAMA, Luís Lamas Novo comunicou ao concello a suba do canon de tratamento do Lixo, de acordo coa disposición adicional dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

SEGUNDO: A tarifa unitaria por tonelada tratada para o ano 2014 ascende segundo a comunicación a 74,64 € ao que haberá que sumarlle o IVE. Tendo en conta o prezo actual do tratamento do lixo está en 55,91 € por tonelada, o incremento proposto supón en termos porcentuais do 33,50%.

TERCEIRO: O alcalde de Boqueixón anunciou ante os medios de comunicación (o pleno sempre é o último informado), que non tiña pensado subir a taxa do lixo aos veciños, proposta que dende ANOVA compartimos plenamente.

CUARTO: En termos absolutos, o concello de Boqueixón gastou 50.182,58 € + IVE (55.200,84 €) no tratamento do lixo entre xaneiro e setembro de 2013. Facendo unha estimación para os vindeiros tres meses, no ano 2013 podería acadarse uns gastos totais de 66.910,10 € + IVE (73.601,11 €). Aplicando a suba proposta por SOGAMA para o 2014, os custos de tratamento do lixo ascenderían a 89.325,16 € + IVE (98.257,68 €) o que supón un incremento de 24.656,57 € adicionais que terá que asumir o concello.

QUINTO: A maltreita administración local e, coma sempre, a cidadanía, volvemos cargar coa responsabilidade de garantir os beneficios das grandes corporacións privadas. Por que afirmamos tal cousa? Porque SOGAMA está participada nun 51% pola Xunta de Galicia, e nun 49% por GAS NATURAL FENOSA, empresa privada que se lucra coa venda da enerxía (sucía) que se obtén mediante a incineración de residuos na planta de Cerceda. O que o Conselleiro de Medio Ambiente, Sr. Hernández, cualifica como *“necesario para garantir o equilibrio financeiro da sociedade pública”* convértese nun “asegurar a tendencia á alza dos beneficios (ao menos os últimos 5 anos foi así, segundo a súa páxina web) da empresa privada GAS NATURAL FENOSA”.

SEXTO: Na actualidade existen outros procedementos de tratamento do lixo, que sendo medio ambientalmente máis sustentables, son asemade máis económicos. En concreto, por proximidade, o Concello de Boqueixón podería acollerse ao sistema de lixo de Lousame.

Por todo o anteriormente exposto, solicito do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Esixir ao Conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández que retire a suba do canon do lixo dos orzamentos da Xunta de Galicia.
- 2.- Solicitar información á planta de tratamento de lixo de Lousame, ao fin de elaborar un informe técnico e económico dos custos que levarían aparelados o tratamento do lixo nesta planta.
- 3.- Compromiso de adhesión ao sistema de tratamento do lixo máis barato, que menos graven ás arcas do Concello e aos seus veciños”.

O señor Barcala di que lle parece unha taxa abusiva, ademais (segue dicindo) hai certos servizos que non deben dar grandes beneficios. O concello debería unirse a outros concellos e pedir que non se aplique.

O señor Alcalde di que despois de ter unha xuntanza co Conselleiro, quedouse en estudar este tema e por isto non podemos aceptar esta moción. Segue dicindo o Alcalde que co bipartito houbo beneficios e sí se repartiron.

O señor Canabal, di que si está claro porque hai unha circular da dirección de SOGAMA na que se explica que haberá o incremento.

A señora García Fraga di que según a Xunta de Galicia poderase aplicar, transmitindo ós usuarios ou non.

En canto a Lousame xa se fixeron estudos e SOGAMA é a máis barata en Galicia e incluso en España.

Ademais Lousame o que fai cos residuos e soterralos non procesalos, e o Concello de Boqueixón opta por reciclar que obviamente é mais caro.

O señor Canabal di que isto non é certo e que si hai informes que o demostran.

Finalmente o señor Alcalde di que como se está pendente do que dixo o Conselleiro na xuntanza, se o señor Canabal retira os puntos 1º e 3º da moción sí acepta esta en canto ó apartado 2º.

É aceptada esta proposta do Alcalde e polo tanto por unanimidade de todos os presentes acórdase solicitar información á planta de tratamento do lixo de Lousame, ó fin de elaborar un informe técnico e económico dos custos que levarían aparelados o tratamento do lixo nesta planta.

B) Moción núm. 13/2156 de ANOVA

MOCIÓN SOBRE O COPAGO FARMACÉUTICO

O pasado mes de setembro o goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de Saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar unha cantidade para sufragar o gasto das medicinas.

Con esta resolución, o goberno do Estado fixa un novo copagamento para os medicamentos e supón un novo imposto á enfermidade. Así 42 medicamentos de

dispensación hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves como cancro de mama, ril, leucemia, artrite reumatoide ou hepatitis, deixarán de ser dispensadas sen custo, polo que haberá que pagar o 10% deste até o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estivesen exentas.

Estamos a falar de persoas pacientes na maioría dos casos polimedicadas para as cales este novo repago, este novo imposto á enfermidade, supón unha carga moi importante na súa economía. .Suprime unha parte do que é un dereito básico como é a sanidade universal. E supón o desmantelamento dun dos alicerces do noso sistema sanitario baseado na equidade e na universalidade de acceso aos recursos sanitarios.

Por todo o anteriormente exposto, solicito do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copago para medicamentos que se dispensan a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.
- 2.- Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país.
- 3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.
- 4.- Dotar dun fondo económico no Concello que asuma o custo dos medicamentos dos veciños e veciñas afectadas por dita resolución de 10 de setembro.

A señora García Fraga di que cando gobernaban os compañeiros do representante de ANOVA, os parados pagaban os medicamentos e agora nin os parados nin os pensionistas a partir dun límite, van pagar.

O señor Canabal, dille que lle pode admitir que diga que el é un demagórico pero non lle admite que diga que minte.

A señora García Fraga di que á xente hai que informala non manipulala.

O señor Canabal solicítalle que lle diga onde está a mentira. Que os xubilados están pagando.

Respóndelle a señora García Fraga que sí, pero ata o tope máximo de 10 euros /mes.

Sen máis procédese coa votación e cos votos en contra da moción do PP e a favor de ANOVA e PSOE, rexeitase a moción núm. 13/2150 de ANOVA.

D) Moción número 13/2158 do PSOE

MOCIÓN PARA REXEITAR O NOVO REPAGO PARA FÁRMACOS QUE SE DISPENSAN NOS HOSPITAIS DE MANEIRA AMBULATORIA

Desde a posta en marcha, no ano 2012, do Real Decreto – Lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes mal chamado para a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde, moitos foron os pasos dados pola administración en contra dos dereitos dos doentes, incluso dos máis graves.

Unha das medidas máis importantes é a obrigatoriedade de cofinanciar unha parte do

custo dos medicamentos por parte dos pensionistas, que pasaron de non pagar polos medicamentos a pagar entre o 10% e o 20% en función da súa renda.

Á introdución do repagamento temos que engadirlle a exclusión de máis de 400 fármacos da lista de medicamentos financiados, os cales dende entón multiplicaron o seu custo. Ambas medidas sumadas están rompendo o equilibrio das economías máis fráxiles, dun xeito moi especial dos xubilados e xubiladas coas pensións máis baixas. Non debemos esquecer que os salarios e as pensións en Galicia son dos máis baixos do Estado, polo que esta medida, sumada a outras tamén antisociais que xa se teñen aplicado pola dereita, tanto polo Goberno de Rajoy como polo Goberno de Feijóo, cunha nefasta xestión e complicidade que ambos comparten con políticas en común contra a igualdade de oportunidades e os servizos públicos, que están a deteriorar a calidade de vida e a empeorar as desigualdades sociais.

Os Concellos galegos son dos que teñen mais poboación envellecida. E polo tanto máis pensionistas e máis enfermos crónicos, que é a poboación máis afectada porque é a que consume máis medicamentos. Pensionistas que ademais do repago dos medicamentos teñen que facer fronte ás subidas do IVE, as subidas de IRPF, da auga, do transporte. . Con pensións que en moitos casos non superan os 600 euros.

Estamos comprobando que esta medida do repago non reduciu o gasto farmacéutico, senón que aumentou o gasto das economías dos enfermos, dos pensionistas e dos cidadáns. E dada a situación económica das familias estanse a dar xa casos de persoas que non recollen os medicamentos despois de ser receitados polo médico por falta de recursos económicos.

Pero se as medidas impostas ata agora trala publicación do Real Decreto eran non asumibles, os sucesivos recortes e repagos que van aparecendo co, desenrolo do mesmo aínda están complicando máis as cousas.

Recentemente publicábase no Boletín Oficial do Estado, 0 19 de setembro, a Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia, pola que:

- Se procede a modificar as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Salud mediante a asignación de achega do usuario, en desenrolo do Real Decreto-Ley 28/2012, do 30 de novembro, de medidas de consolidación e garantía do sistema da Seguridade Social.

Con esta publicación, feita por certos en notificación ou información previa do Ministerio de Sanidade, Asuntos Sociais e Igualdade, o Goberno evitaba a súa publicidade tratando de soslaiar a reacción adversa dos profesionais da sanidade, dos pacientes afectados e das súas familias, presentándoo así como un feito consumado. Este Decreto ven de modificar tamén as condicións do financiamento dos medicamentos incluídos na prestación farmacéutica ambulatoria nos hospitais ao implantar o repago por parte das persoas usuarias.

O goberno do PP chámalle a isto achega reducida, pero é unha mentira máis, xa que se trata de pagar o 10% do medicamento de dispensación ambulatoria na farmacia

hospitalaria ata 4,20 euros por cada envase e por cada medicamento, non en total, o que supón que o que está máis enfermo é o que máis paga, nun contexto de crise e perda de recursos para a cidadanía. En definitiva, outro novo imposto.

A inxustiza e a crueldade destas medidas ven dada polo feito de que vai ser aplicada aos pacientes mais graves e a moitos enfermos crónicos que van ter que empezar a pagar por ese tipo de medicación.

A ministra, Sra. Mato, acorda por medio desa medida impoñer o repago de 157 presentacións farmacolóxicas duns 50 medicamentos que abordan patoloxías de gravidade e cronicidade tales como o cancro de mama avanzado, o cancro de ril avanzado, o tratamento de diversos tumores cerebrais, a leucemia mieloide crónica, a artrite reumatoide, a dexeneración macular ou a hepatite C crónica, entre outros.

Ante esta circunstancia, moitas foron as asociacións e colectivos de pacientes, profesionais sanitarios e consumidores os que elevaron a súa protesta á administración. De igual maneira o fixeron algunhas comunidades autónomas, como Castela e León, Andalucía, Asturias ou País Vasco, que amosaron a súa incompreensión ante unha medida tan ineficaz como inxusta.

En Galicia, o señor Feijóo xa ten anunciado que as vai comezar a aplicar no mes de xaneiro, sen ningún cuestionamento nin oposición, aínda sabendo o prexudicial que é para os pacientes máis graves e o pouco efectiva que vai ser dende o punto de vista económico.

Esta medida, que introduce outro repago mediante un novo imposto aos máis enfermos e aos máis débiles, supón un quebranto para a saúde pública que se deriva de cobrar tratamentos en situacións de risco para a vida humana,

Un dereito como é o da saúde non pode converterse nun privilexio.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Boqueixón propón a seguinte moción:

1.^a- Que este Concello solicite do Goberno Galego a NON aplicación na CCAA de Galicia da Resolución do 10 de setembro que implanta o repago na dispensación ambulatoria dos medicamentos de farmacia hospitalaria indicados para tratamento de graves patoloxías e de doenzas crónicas.

2.^o- Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a retirada da Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia.

Respecto desta moción o señor Alcalde di que xa quedou debatida coa anterior porque ambas tratan o mesmo.

O señor Canabal pregunta si o concello dotará dalgún fondo para o aboamento dos custos que correspondan ós veciños polo copago nos casos de necesidade.

A señora García Fraga pregúntalle ó señor Canabal como se pode asumir esta competencia que é impropia dos concellos cando apenas se poden cumprir as propias.

O señor Barcala di que a saúde é o primeiro.

O señor Canabal pregunta se o Alcalde se considera Alcalde de Boqueixón ou do PP.

Responde o señor Alcalde que el é por enriba de todo Alcalde de Boqueixón, aínda que é do PP, cousa que vostede (segue dicindo o Alcalde) era do BNG e agora non.

O señor Canabal di que el pensa nos veciños, nos pensionistas, que antes ata conseguían aforrar algo e agora non chegan a satisfacer as necesidades mínimas necesarias.

Cos votos en contra de dita moción do PP e a favor do PSOE e ANOVA, rexéitase a moción número 13/2158 do PSOE

E) Moción número 13/2159 do PSOE

INSTAR A XUNTA DE GALICIA A DESISTIR DA PRETENSIÓN DA SUBA DO CANÓN POLO TRATAMENTO DO LIXO NA PLANTA DE SOGAMA

“No proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, presentado pola Xunta de Galicia, e en concreto na Disposición Adicional 21a, Dous, preténdese a revisión do canon unitario de tratamento por tonelada de lixo, a percibir pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, pasando este a alcanzar un importe de 74,64 €/Tonelada métrica tratada, máis IVE.

Na actualidade o importe que abonan os 296 concellos galegos, que utilizan os servizos de SOGAMA, é de 55,91 €/Tonelada métrica tratada, máis IVE, co cal, de aprobarse definitivamente a pretensión da Xunta de Galicia, o canon se incrementaría nun 33,5%.

Xustifica a Xunta este desmedido incremento na caída das primas estatais que percibe SOGAMA pola valorización enerxética dos residuos (incineración de lixo), caída que ten a súa orixe nunha decisión do Goberno Rajoy.

O certo é que, analizando as contas que se recollen no proxecto orzamentario autonómico para o próximo ano, SOGAMA, co novo canon, pasaría de ter perdas no exercicio de 2013 a ter uns beneficios no 2014 de 6.624.160€, despois de impostos.

Non resulta comprensible, nin aceptable que unha sociedade do sector público autonómico galego como SOGAMA, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na que a Xunta de Galicia ten o 51% do capital social, se pregunte, nos tempos de Irise que estamos a sufrir, a prestación dun servizo público, con afán recadatorio, toda vez que o fin da suba non é o de conseguir a simple cobertura de custos do servizo, senón tamén o de xerar uns inxustificables beneficios, beneficios que serían directamente detraídos dos xa moi empobrecidos petos dos cidadáns.

É de todos coñecido que a práctica totalidade dos concellos están a sufrir unha importante diminución dos seus ingresos, atopándose nunha situación moi delicada que lles ten obrigado a deixar de prestar ós seus veciños algún servizo moi necesarios. De levarse a cabo este incremento que pretende a Xunta a penuria do municipalismo galego será moitísimo maior.

A Xunta de Galicia, en vez de demandar compensacións ó Goberno central polos recortes que sufrirá SOGAMA nas primas pola coxeneración eléctrica, opta pola

solución socialmente máis inxusta: incrementar o canon, obrigando ós concellos a subir as taxas que deberán abonar os seus veciños pola recollida do lixo.

Resulta insultante a carencia da máis mínima sensibilidade social da que da mostra a Xunta de Galicia do Partido Popular nun asunto como este. Gobernando baixo a fórmula do "ordenado e mando" da as costas ós galegos e castiga dun xeito inmisericorde os seus intereses.

Os Socialistas apostamos por afrontar esta situación dende o diálogo e o respecto institucional entre os poderes locais, representados na FEGAMP, e o poder autonómico, e demandamos da Sociedade Galega de Medio Ambiente ter cumprido coñecemento da realidade da súa xestión económico financeira e organizativa, así como dos parámetros de eficiencia medio ambiental e ecolóxica que alcanza no tratamento dos residuos que se lle confían.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Boqueixón propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

1º. Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21ª, Dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

2º. Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenta e colaboración de SOGAMA, se estuden os gastos reais do tratamento de residuos dos concellos.

3º. Dirixirse a todos os Grupos políticos, con representación no Parlamento de Galicia, a fin de que requiran da Xunta de Galicia a realización dunha auditoría externa (económico financeira, recursos humanos, produción, medio ambiental, etc.) da Sociedade Galega de Medio Ambiente, dándose traslado dos seus resultados á totalidade dos concellos que utilicen seus servizos.

4º. Demandar do Presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se retire a iniciativa da nova tarifa do canon de tratamento de residuos dos orzamentos autonómicos do 2014, o incremento que sufra o mesmo respecto ó do ano 2013 sexa asumido integramente polo Goberno autonómico, sen repercusión algunha nas transferencias ós concellos”.

Posto que esta moción coincide coa anteriormente debatida, cos votos en contra da citada moción do PP e a favor do PSOE e de ANOVA, rexeitase a moción número 13/2159 do PSOE

12.Información da Alcaldía

Dáse conta dos decretos que tiveron lugar desde o 10 de setembro ata o 4 de novembro do 2013, do que se dan por informados.

13.Rogos e Preguntas.

O Señor Canabal fai as seguintes PREGUNTAS:

Primeira: criterios de selección de Protección Civil.

Se non entendín mal, no decreto do 28 de outubro de 2013, o Concello de Boqueixón lanzou unha oferta de emprego, segundo explican de acordo cos criterios establecidos polo artigo 10 da orde de 3 de maio de 2013, co obxecto de cubrir o posto de traballo que se subvenciona para a relación do citado servizos. Ao parecer, como se establece no propio decreto, esta oferta foi nominativa e rexistrada con data do 24 de outubro de 2013. É dicir, se foi nominativa, entendo que o Concello pediu aos traballadores en concreto.

De ser así, o Concello preseleccionou 12 persoas de antemán sen saber os criterios de selección, e curiosamente estes 12 traballadores traballaron xa para o Concello de Boqueixón e curiosamente tamén se excluíu aos traballadores que teñen interposto demanda nos xulgados de Santiago.

- Como se fixo a selección deste persoal?
- Cales foron os criterios de selección destes 12 traballadores?
- Pode o concello de Boqueixón facer unha selección de 12 traballadores sen uns criterios anteriores de selección?

RESPOSTA:

(Excepcionalmente, a Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar autoriza o emprego de ofertas especiais con vinculación nominal para colectivos desfavorecidos. Cómpre salientar que para este exercicio a Orde que regula os programas de cooperación, con carácter excepcional, outorga un especial e singular tratamento ó primar a aqueles concellos que, se é o caso puidesen resultar especialmente prexudicados como consecuencia da desaparición dos grupos municipais de intervención rápida (GRUMIR) e a súa substitución polos grupos de emerxencia supramunicipais (GES), por carácter de servizos profesionais de emerxencias, co obxecto de garantir a salvagarda das persoas, dos seus bens e do patrimonio a nivel municipal. Esta situación sería o caso do programa aprobado de protección civil.

Os traballadores contratados para a realización do servizo de protección civil cumpren o requisito establecido de persoas desempregadas inscritas no Servizo público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar disponibles para o emprego. Requisitos que os contratados cumpren tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de interese social.

Os traballadores que foron contratados en anos anteriores e que nembargantes nesta convocatoria non o están, e debido a que previamente expresaron que non tiñan interese de seren contratados novamente).

Segunda: sobre o obradoiro de emprego.

- Cantos seleccionados do Obradoiro de emprego son de Boqueixón?
- Podería facilitarme quen son?

RESPOSTA:

(¿Cantos seleccionados do obradoiro de emprego son de Boqueixón?:

Do total de 20 alumnos traballadores contratados no Obradoiro de Emprego de Vedra-Boqueixón, 10 alumnos son de Boqueixón e 10 alumnos son de Vedra , así quedou regulado nas bases para a selección do alumnado traballador e persoal do obradoiro de emprego, que estableciú a que a distribución dos alumnos sería de 10 alumnos por cada concello participante. O alumnado contratado que pertence o concello de Boqueixón é:

Vieira Fernández Fidel

Vázquez García María Cleofé

Silva Liñares Rubén

Balo Mosquera Fidel

Millán Neira Jose

Rendo Marceira María Mercedes

Cajide Gómez José

Rey Neira Vanesa

Agrelo Fernández Manuel Carlos

Garcia Iglesias Ofelia

Todo o persoal directivo, docente e de apoio contratado polo Obradoiro de Emprego é:

Director: Carlos Lortes Gómez

Titora: María Teresa Gondar Bermín

Mestres de taller “Traballos de Carpintería e Moble”: Jesús Gamás Villanueva.

Mestres de taller “Fábricas de Albanelería”: Jesús Fernández Sande.

Profesora de xestión empresarial: María Pilar Mallo Ansemil.

As bases, as listas provisionais, as lista definitivas de admitidos estiveron publicadas no taboleiro de anuncios dos Concellos de Vedra, Boqueixón, e nas oficinas públicas de emprego de Santiago Norte e de Ordes, puidendo calquera particular consultar ditas listas).

Terceiro: Sobre os desperfectos nunha pista da Granxa.

O pasado 3 de novembro un veciño da Granxa veu ao Concello a solicitar que se mirara unha pista da Granxa que estaba con moitos desperfectos por un madeireiro.

- Fixo algo o Concello en relación a isto?

Resposta do Alcalde:

A persoa que está retirando a madeira presentou un aval por importe de 3000 € tal como se establece no artigo 9.4.1 da ordenanza reguladora de plantacións forestais, depósito, carga e transporte de madeira de tala, para responder dos posibles deterioros que se poidan producir nos viais.

Por isto, se o final non arranxa os danos que se causen, farao o concello con cargo ó referido aval.

Cuarto: Plan de Mobilidade e Transporte Metropolitano.

Nas pasadas semanas tivemos novas pola prensa de que se eliminaran algunhas liñas en Boqueixón. Como non temos información, quixer saber un pouco das distintas reunións mantidas e algo sobre estas liñas que supostamente desapareceron.

- Podo acceder á información sobre o Plan de Mobilidade?
- Que liñas desapareceron?

Resposta do Alcalde:

En primeiro lugar sí pode acceder ó convenio asinado no 2010 e demais documentación que exista no departamento.

(En canto as liñas que desaparecerán, en realidade non desaparecen porque nunca existiron. En realidade, no convenio citado indicábase que a Dirección Xeral de Mobilidade elevaría á Comisión de seguimento unha análise do funcionamento dos servizos, nos que a Xunta achegaría o 80% e os Concellos o 20%.

No anexo técnico do referido convenio, no apartado 2 (actuacións contidas no anexo) na táboa tres establécense os incrementos da oferta dos servizos. Sen embargo, estes servizos nunca chegaron a prestarse por dificultades económicas e agora o que se decidiu na Xunta de Galicia foi seguir mantendo o retraso na prestación ata o 2015).

O señor Barcala fai os seguintes Rogos e Preguntas:

ROGOS:

1. Que todos os coches do Concello estean identificados co logotipo do Concello de Boqueixón.
2. Que se baixa o imposto de bens inmobles.
3. Que se arranxen as beirarrúas en Camporrapado
4. Que se asfalten as pistas en Codeso
5. Que se modifique o horario no que teñen lugar os Plenos.
Isto mesmo o solicita o señor Canabal

PREGUNTAS:

1. En canto ó tanatorio estou a favor pero non que se constrúa na Casa da Cultura.
¿Qué accesos se van facer? ¿Onde se vai instalar o aparcadoiro?, ¿Qué canon vai aboar?, ¿Quén pagará o IBI?, ¿Quén vai facer as obras de acondicionamento?.

Responde o señor Alcalde que o canon a aboar pola empresa é de 3200 €/ano, revisable anualmente según o IPC, e que as obras de acondicionamento executarás a empresa
En canto as outras preguntas o señor Alcalde di que neste momento non lle pode contestar.

2. Na Xunta de Goberno do 7/11/2013 aprobouse a factura por consumo telefónico desde o 18 de setembro ó 18 de outubro do 2013 por importe de 421 €. ¿Non cren que é un pouco excesivo? ¿Cántos teléfonos móbiles ten o Concello?

Responde o señor Alcalde que agora non lle pode responder pero que lle será comunicado.

3. ¿Qué función ten no noso concello un axente de emprego e de desenvolvemento rural? Si a subvención solicitada é de 5.495 € e o seu custo é de 21.982,52 €.

En tempos de crise, de donde van sacar os cartos para pagarlle, e sobre todo, hai inversión máis rentable perder 15.000 € e por enriba aumentar o paro en Boqueixón.

Responde o señor Alcalde que : as función do ADEL quedan establecidas no artigo 3.2 na Orde do 4 de outubro de 2013 pola que se convocan as subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2013. A citada traballadora desenvolve as tarefas relacionadas coa promoción turística do concello (declaración de festas de interese turístico (como a recén declarada dos xerais do Ulla en colaboración cos concellos de A Estrada, Santiago de Compostela, Vedra, Teo, Silleda, Touro , Vila de Cruces), a promoción turística da área de Compostela (en colaboración con 18 concellos par ao desenvolvemento turístico e posta en valor), preparación de eventos de goza do Ulla, Concurso morfolóxico, rutas das tapas, promoción das feiras mercado do municipio (Lestedo e Rodiño), que conleva o regulamento, trámites de solictudese aprobación na xunta de goberno, visitas de control os domingos nos mercados,etc . Contacto co sector empresarial, veciñal, etc. Preparación de xornadas e outros eventos. Tramitación de axudas económicas, memorias e trámites administrativos con diversos organismos, Administracións públicas e privadas, etc.

Sen máis asuntos que tratar , o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Vº e praxe

A secretaria

A presidenta accidental